



festival sinsal 14 outono

Lloyd Cole playing the classic Lloyd Cole songbook 1983-1996

29 setembro. 21:00h
Auditorio Municipal do Concello
Entrada: 12 euros (anticipada en ataquilla.com,
Honky Tonk Discos e Elepé Discos)
15 euros (billeteira)

Derek Gripper

15 outubro. 20:30h
Casa das Artes
Entrada: 5 euros

65daysofstatic + Thought Forms

28 outubro. 20:30h
MARCO
Entrada: 10 euros (anticipada en ataquilla.com,
Honky Tonk Discos e Elepé Discos)
13 euros (billeteira)

Paddy Steer

2 novembro. 20:30h
MARCO
Entrada: 5 euros

A billeteira abre media hora antes do comezo dos concertos
en cada un dos recintos, agás no Auditorio Municipal do Concello
que abre unha hora antes.

WWW.SINSALAUDIO.ES

ORGANIZA


COLABORA
MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORANEA DE VIGO
SON
Estrella Galicia

PATROCINADOR INSTITUCIONAL

CONCELLO
DE VIGO



  Dot:

Vivimos nunha cidade fermosa

Sinsal Outono 14 Vigo Setembro-Novembro 2016

O Festival Sinsal é un proxecto de Sinsalaudio, que nacía hai quince anos coa vontade de ser máis que unha produtora de eventos ou un selo discográfico; a súa marca axiña foi recoñecible como produto dunha filosofía, dun concepto que ía máis aló de “facer concertos”. Querían ser escola e, tamén, ser alumnos, ávidos de aprendizaxe e experimentación. Desde aquela até hoxe conservan o espírito e paixón polos sons do mundo, sen complexos e co principal obxectivo de vincular presente e territorio.

A historia do Festival Sinsal, comeza hai catorce anos, e caracterízase por ser a historia dunha procura: a de romper as barreiras que constriñan a música na súa relación co público, co ouvinte, tratando de abrir vías no comunmente establecido. **O Festival Sinsal naceu en Vigo no ano 2003**, case 400 concertos establecendo un modelo de programación que, na actualidade, é imitado por outros eventos. Comezamos levando a música das salas ao teatro, realizando un festival con múltiples sedes. Pouco tempo despois decidimos que non podíamos pechar o festival nunha fin de semana, que debíamos ir máis aló e crear unha cita anual que nos permitira fuxir das subastas nas que os festivais corren o risco de caer. Naceu o concepto do festival estacional.

E Vigo volve a ser escenario en 2016 deste novo Sinsal Outono. Catro propostas, programadas coa complicitade da administración municipal, que en 2016 teñen un sabor predominantemente británico. Un peso pesado da música do Reino Unido como é **Lloyd Cole**, será o encargado de abrir o festival o 29 de setembro no Auditorio Municipal do Concello nun concerto en solitario no que percorrerá os seus grandes éxitos. A excepción ao carácter británico desta edición vén da man de **Derek Gripper**, o músico sulafricano que está colocando a tradición musical da kora na escena occidental (15 outubro, Casa das Artes); continuarán a senda outonal de Sinsal os **65daysofstatic**, formación instrumental de Sheffield cun ampla traxectoria no post-rock, que estarán precedidos polos **Thought Forms**, que desde Bristol chegan bendecidos polos mesmísimos Portishead (28 outubro MARCO). Pecha o Sinsal Outono 14 o camaleónico e pioneiro músico de Manchester **Paddy Steer** (2 novembro MARCO).

O Festival Sinsal acadou xa un altísimo grao de identificación coa súa cidade, sendo recoñecido como unha peza importante do seu tecido cultural no ámbito da música, grazas ao apoio do concello de Vigo. Camiño da década e media son moitas as persoas que se achegaron á nosa cidade para seguir algún dos eventos con selo Sinsal. Agardamos espertar de novo curiosidades neste Sinsal Outono 14 Vigo.

Sinsal Outono 14 Vigo

Lloyd Cole playing the classic Lloyd Cole songbook 1983–1996

29 setembro, 21:00h

Auditorio Municipal do Concello

Entrada: 12 euros (anticipada en ataquilla.com, Honky Tonk Discos e Elepé Discos)

15 euros (billeteira)

Derek Gripper

15 outubro, 20:30h

Casa das Artes

Entrada: 5 euros

65daysofstatic + Thought Forms

28 outubro, 20:30h

MARCO

Entrada: 10 euros (anticipada en ataquilla.com, Honky Tonk Discos e Elepé Discos)

13 euros (billeteira)

Paddy Steer

2 novembro, 20:30h

MARCO

Entrada: 5 euros

As entradas para os concertos de Lloyd Cole e 65daysofstatic + Thought Forms poden mercarse de maneira anticipada en ataquilla.com, Honky Tonk Discos e Discos Elepé. A billeteira dos recintos abrirá media hora antes de cada concerto, agás no caso do Auditorio Municipal do Concello que abre unha hora antes. Todos os concertos terán lugar ás 20:30h, excepto Lloyd Cole que comezará ás 21:00.

Lloyd Cole

"Lloyd Cole Playing The Classic Lloyd Cole Songbook 1983–1996"

29 de setembro, 21:00

Auditorio Municipal do Concello de Vigo (Praza do Rei, s/n)

Entradas en www.ataquilla.com, [Honky Tonk Discos](#), [Discos Elepé](#)

Anticipada: 12 euros. Billeteira: 15 euros



O Festival Sinsal Outono 14 abre a súa programación o próximo 29 de setembro co concerto dun clásico contemporáneo británico como é Lloyd Cole. "Lloyd Cole Playing The Classic Lloyd Cole Songbook 1983–1996" trae a Vigo os temas máis coñecidos do músico, que se presenta en solitario.

Primeiro foi á fronte do quinteto **The Commotions**, no lustro que ía de 1982 a 1987 e ao longo de tres discos, e posteriormente en solitario. Dúas etapas que fixeron de **Lloyd Cole** un dos nomes máis representativos do pop británico atemporal, clásico, do que supera o test do tempo e mantén un estatus contemporáneo. Axiña chamaron a atención as letras deste estudante de filosofía: o seu debut "**Rattlesnakes**" (1984) viña con incrustacións literarias (**Simone de Beauvoir**, **Norman Mailer**, **Truman Capote**) e unha forte carga de irónica elegancia.

Pero non só de letras de calidade "top" vive Lloyd: sen ir máis lonxe, esa obra significouse tamén como unha das que definiu o jangle pop da súa década. A súa etapa en solitario foi máis ecléctica, iniciándose en 1990 cun álbum homónimo de son máis duro e directo, menos estilizado (e con **Robert Quine** e **Matthew Sweet** de colaboradores), que o levou ao # 1 no Reino Unido.

Foi o disparo de saída dunha traxectoria que foi redefiníndose ao longo de máis dunha ducia de títulos (entre eles, dous directos e unha recopilación de rarezas) e que o fixo abalar entre **Burt Bacharach**, a psiquedelia, o cantautor folk e a electrónica, sempre coa súa pegada, meticulosa e con gusto. Isto último, a electrónica, foi o verniz dun dos discos que publicou en 2013, o instrumental "**Selected Studies, Vol. 1**", asinado a medias co veterano **Hans Joachim Roedelius**, lenda viva da música experimental alemá. O outro que editou ese ano, "**Standards**", xa só ao seu nome, contou con colaboracións de dous músicos que o acompañaron en "**Lloyd Cole**" (1990), **Fred Maher** e **Matthew Sweet**. Un disco no que desactivou o seu modo repousado e apostou pola electricidade. En setembro de 2015 volveu repetir coa súa vocación electrónica e de experimentar con sintetizadores e publicou "**1D Electronics 2012-2014**". En 2016 é o momento de escoitar os seus hits entre 1983 e 1996, proxecto que o leva de xira en solitario para interpretar as súas cancións máis coñecidas.

Derek Gripper

15 outubro, 20:30h

Casa das Artes (Policarpo Sanz, 15)

Entrada: 5 euros



O surafricano Derek Gripper é un guitarrista clásico, de mestría técnica envexable, espírito aventureiro e apostas certas. O desafío parecía intanxible, mais Gripper conseguiu transformar para sempre a abordaxe á guitarra clásica, adaptando o vasto e rico repertorio africano, de virtuosos instrumentistas como **Toumani Diabaté**, **Ballaké Sissoko** e **Ali Farka Touré** e colocándoo no escenario da música occidental dos nosos días. O seu traballo conquistou público e crítica mundiais e sobre todo aos propios músicos de Mali, cuxas composicións adaptou, iniciando 2016 cunha residencia artística e algúns concertos en Mali, convidado por Toumani Diabaté.

“Cinco estrelas... El ve a Diabaté como o Segovia ou incluso John Williams, da kora, impulsándoo como un instrumento solista. E Gripper adáptao de maneira brillante á guitarra. Está brindando todo un novo repertorio musical de guitarra clásica...introducindo a guitarra africana no mainstream clásico”. (Simon Broughton)

65daysofstatic + Thought Forms

28 outubro, 20:30h

MARCO (Príncipe, 54)

Entrada: 10 euros (anticipada en ataquilla.com, Honky Tonk Discos e Elepé Discos)13 euros (billeteira)



Formados en **Sheffield** en 2001, nun principio como trío (despois con varios cambios de compoñentes, até chegar ao cuarteto actual), **65daysofstatic** é unha formación instrumental que se move polo post-rock de maneira moi persuasiva, cun estilo que nos inicios da súa carreira discográfica, alá por 2004, cando publicaron o seu LP de debut, "**The Fall Of Math**", foi acertadamente descrito como *"a banda sonora dunha nova dimensión onde o rock, o dance e a electrónica son iguais"*. Desde o principio estableceron con claridade esa pauta, que despois foron evolucionando, absorbentes e expansivos. Aquel primeiro álbum tamén recibiu en Drowned Of Sound a seguinte descrición, que complementa a anterior: *"Pode reter as dinámicas, a tensión e esa tirantez e explosividade climática das súas influencias, pero aínda así logra soar como unha das máis urxentes e directas gravacións do ano"*. A súa discografía consta de **seis álbums de estudio e un en directo**, nove EPs e singles e dúas bandas sonoras. A última destas saíu en xuño co título de "No Man's Sky: Music For An Infinite Universe" e recolle o soundtrack que compuxeron para "No Man's Sky", o novo **videoxogo de Hello Games para PlayStation®4**.

Apadriñados por Geoff Barrow dos Portishead e Beak>, que tamén os fichou polo seu selo Invada, os **Thought Forms** son un trío de **Bristol** que crea unha linguaxe propia a partir dos vocabularios do rock psiquedélico, do noise e do shoegaze. Despois de varias aparicións en festivais e cos propios **Portishead**, os Thought Forms acompañan agora os 65daysofstatic na súa xira europea.

<https://soundcloud.com/65daysofstatic> <https://thoughtforms.bandcamp.com>

Paddy Steer

2 novembro, 20:30h

MARCO

Entrada: 5 euros



Un personaxe camaleónico e pioneiro. Así é Paddy Steer, músico visionario de Manchester que prefire operar nas periferias. **Fundador no sue momento do selo Ninja Tune**, Steer cultiva os sons de maneira que o conxunto da súa obra abala entre o hipnótico e o irresistible. Podemos atopar ecos do jazz etíope ou de Sun Ra; entre os seus artistas inspiradores –aínda que como el mesmo di depende da semana- poden estar Hermeto Pascoal, Nina Simone ou Tony Allen. Paddy Steer constrúe as súas ferramentas de traballo: inventa instrumentos e deseña a súa propia indumentaria. Ao longo da súa traxectoria de máis de trinta anos –el sinala que entrou na música a través do punk- colaborou con músicos de distintos estilos e exerceu de baixista, batería e incluso de guitarrista hawaiano. En xaneiro de 2016 edita o seu terceiro disco en solitario *Bifurcation Arrows, Misleading Visual*. A relación de instrumentos que pasan polas mans do músico neste disco –deixando fóra a súa voz- é longa: percusión, piano, xilófono, baixo, synth, guitarra, contrabaixo, banjo... Desde logo, o que fai Paddy Steer afástase bastante do concepto de “reproducción musical inmaculada”.

“O son de Paddy Steer é como un reloxo de cuco feito en Suiza con cartóns de ovos e crin de cabalo, todo unido por un sintetizador moog africano nunha ferretería vietnamita” (Graham Massey, 808 State)

<https://paddysteer.wordpress.com>